



COMPARECENCIA DO DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE PARA INFORMAR DO CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL

(Criterios básicos para a regulación das viaxes oficiais ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica galega)

Parlamento de Galicia, 28 de decembro de 2018

Señor Presidente, señorías:

Comparezo nesta Comisión para dar conta das viaxes ao exterior do Goberno galego durante este segundo semestre de 2018 que imos rematar axiña.

Durante este novo período, o Presidente da Xunta non realizou ningún desprazamento oficial ao exterior, agás dun breve desprazamento ao Porto, logo da intensa axenda internacional desenvolvida durante o primeiro semestre deste ano.

Como lembrarán, nese tempo o Presidente desprazouse a Israel, México e Bruxelas. Dado que na comparecencia do pasado 12 de xullo xa dimos conta da súa viaxe do 2 e 3 de xullo para se entrevistar co Presidente da República Portuguesa e para manter diversos encontros con outras autoridades lusas de alto nivel, entendo que non procede reiterar o xa informado. Daquela, á miña intervención dese día e á correspondente acta parlamentaria me remito, así como no que atinxe aos contactos desenvolvidos polo Vicepresidente nesa viaxe.



Inicio xa que logo a miña exposición deste segundo semestre referíndome aos desprazamentos do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que viaxou a Brasil e Perú entre o 8 e o 14 de novembro. No caso de Brasil estivo acompañado polo Secretario Xeral da Emigración, con quen visitou o *Hospital Espanhol* de Río de Janeiro, que presta asistencia sanitaria de maneira gratuíta aos residentes sen recursos.

Así mesmo, visitaron a *Sociedade Recreio dos Anciaos*, considerada un referente na atención socio sanitaria en Río de Janeiro, entidade benéfica que acolle temporal ou permanentemente á anciáns, de xeito gratuíta, dando prioridade aos galegos e españois necesitados.

Asemade mantiveron unha xuntanza de traballo co Cónsul Xeral de España en Río de Janeiro, D. Luis Prados. Nela, interesáronse pola situación da colectividade e das institucións españolas, e nomeadamente das galegas, na área de Río de Janeiro. Expuxeron, así mesmo, as liñas básicas da *Estratexia Retorna 2020*, para fomentar o regreso á nosa Comunidade dos galegos do exterior. Non en van, Brasil é o segundo país do mundo con máis volume de poboación galega e o terceiro do que máis galegos retornaron durante 2017.

Por último, participaron na clausura da exposición fotográfica "*Paisagens da Galicia. Homenagen aos emigrantes*".

No que atinxe ao Perú, o Vicepresidente estivo acompañado por min mesmo e mantivo unha xuntanza co Ministro da Produción do país, D. Raúl Pérez-Reyes. Nela tratáronse os proxectos que a



cooperación galega está a desenvolver no Perú e mailo obxectivo de acometer unha intervención de carácter integral na baía de Sechura.

Tamén se reuniu co Embaixador de España no Perú, D. Ernesto de Zulueta, e co persoal no país da Oficina Técnica de Cooperación da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

Ademais, o Vicepresidente visitou distintos proxectos de cooperación ao desenvolvemento que se puxeron en marcha grazas á Cooperación Galega. Entre outros, varias iniciativas situadas na zona de Cuzco e centradas no sector agropecuario. Estes proxectos teñen como principal obxectivo a posta en valor dos seus produtos e a mellora da competitividade da produción local. Tamén se promoveu unha iniciativa para o desenvolvemento dunha ruta agroalimentaria e gastronómica, co obxectivo de incorporar o turismo como unha actividade que contribúa ao dinamismo da economía do territorio beneficiario. Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia investiu desde 2010 máis de 4,3 millóns de euros en cooperación para o desenvolvemento no Perú.

Xa en Europa, o Vicepresidente viaxou a Bruxelas o 25 e 26 de novembro. Alí mantivo unha xuntanza co Embaixador Representante Permanente de España diante da UE, D. Pablo García-Berdoy, do que obtivemos información de primeira man sobre o estado e evolución dos asuntos tratados na axenda colectiva da UE con meirande interese para Galicia. Nela afondaron



sobre as negociacións do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 e sobre as consecuencias do Brexit.

Por outra banda, o Vicepresidente inaugurou o programa de especialización en financiamento europeo, *TecEuropa*. Alí salientou a aposta da FGE por formar técnicos especializados na presentación de proxectos europeos, así como en consolidar redes de expertos na xestión dos fondos comunitarios, de cara a atraer financiamento adicional para as iniciativas galegas.

No que respecta á negociación do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, o Vicepresidente reiterou a demanda de Galicia de que, a partir do ano 2021, a Política de Cohesión poida beneficiar a todas as rexións e abundou na idea de que ningunha rexión que vexa reducido o seu PIB en relación á media do actual MFP poida perder recursos.

A negociación, que agora levan o Parlamento Europeo e o Consello, é complexa, non só polas lexítimas demandas que poidan facer as rexións, no que respecta á Política de Cohesión, senón tamén porque á retirada do Reino Unido (11.500 Millóns de Euros por ano) únense novas prioridades como a seguridade, a defensa, ás migracións, control das fronteiras ou o cambio climático, novas prioridades non contempladas suficientemente polo Marco actual.

Teño que engadir, neste sentido, que estamos a manter contactos tanto coas autoridades da Comisión Europea, como co Goberno español e cos representantes directos das rexións europeas a fin de seguir o proceso negociador e poder cumprir o noso obxectivo de manter os fondos no novo período 2021-2027.



Neste eido, a postura do Executivo galego resulta ben nidia: a cohesión económica, social e territorial é un elemento nuclear e identificador do proceso de construción europea, e non podemos nin debemos renunciar a el.

Nomeadamente, a cohesión territorial foi un avance ligado historicamente coa Unión Económica e Monetaria, ou UEM. Dado que compartimos unha Unión Aduaneira e, por riba de todo, un xenuíno Mercado Interior e xa unha Unión Monetaria -circunscrita aos Estados que compartimos o euro como divisa-, a cohesión territorial é o primeiro elemento dunha aínda feble defensa fronte a choques asimétricos dende o exterior, e por iso non pode enfeblecerse máis. Por conseguinte, estimamos que a Unión precisa consolidar con meirande apoio financeiro ese pilar económico da construción europea.

É neste contexto no que o Vicepresidente da Xunta alertou do arduo traballo que temos por diante, especialmente nos vindeiros anos, antes de que se peche o acordo concluínte sobre o novo marco financeiro europeo.

En relación co Brexit, o que podo dicir é que o Acordo de retirada do Reino Unido, aprobado polo Consello e polo Goberno do Reino Unido, aínda que non aporta valor engadido a ninguén, porque a saída do Reino Unido é, en sí mesma, unha mala noticia, trátase do mellor acordo posible de cara a ordenar a desconexión ata finais de 2020, se non hai prórroga.



O acordo é satisfactorio, porque, en esencia, durante a transición non mudan os dereitos dos cidadáns e dos axentes económicos, en eidos de especial transcendencia para Galicia. Mantense a Unión Aduaneira e, no que respecta á pesca, por exemplo, o obxectivo fundamental de acceso da nosa flota a augas británicas está conectado co acceso ao mercado da UE por parte dos británicos.

En calquera caso, como ben saben, o escenario definitivo non é, por agora, previsible. Neste senso, compre ter en conta que o Acordo de Retirada pode ser rexeitado polo Parlamento Británico, non entrando en vigor e dando lugar a un Brexit duro, o que implicaría que o dereito da UE deixaría de aplicarse de xeito abrupto o 29 de marzo de 2019, coa conseguinte inseguridade xurídica para os cidadáns e os axentes económicos. Desde a Xunta de Galicia estamos seguir de preto o proceso para facer fronte ás continxencias e problemas que poidan xurdir, en calquer escenario.

Pecho esta paréntese, que me parecía de especial importancia, para proseguir co informe detallado dos desprazamentos acordados coa Acción Exterior da Xunta de Galicia. Continuando co Vicepresidente, debo engadir que non houbo máis viaxes, agás un desprazamento ao Porto. Como xa temos convido nesta Comisión, as viaxes a Portugal custa estimalas como “exteriores”, por cingirse a xestións ordinarias e recorrentes, vinculadas polo xeral a programas europeos e á cooperación territorial ou estritamente transfronteiriza¹.

1



A Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asistiu o 9 de outubro a Luxemburgo para participar no Consello de Ministros da UE na súa formación medioambiental. Alí, Galicia representou a postura común e a voz das Comunidades Autónomas acompañando á Ministra de Transición Ecolóxica. Cómpre salientar neste punto o traballo realizado polas Comunidades Autónomas e os acordos acadados en materia de cambio climático, na protección e conservación da biodiversidade, na loita contra as especies exóticas invasoras e contra a contaminación terrestre e mariña. A conselleira tamén defendeu ante os representantes dos Estados da Unión a posición común autonómica en asuntos como o futuro regulamento comunitario sobre emisións para vehículos lixeiros e mailo convenio para a frear a perda de diversidade natural na UE. Esta tarefa proseguiu en Bruxelas o 20 de decembro.

O Conselleiro de Economía, Emprego e Industria viaxou á República Popular China, concretamente a Xangai, do 6 ao 9 de novembro. O propósito da viaxe foi reforzar á misión comercial desprazada á primeira Feira Internacional da Importación de Xangai, xunto cunha delegación de catorce empresas galegas do sector agroalimentario. Alí foi acompañado polo Director Xeral do IGAPE, que se centrou no apoio a unha delegación da automoción galega, con representantes de CTAG (Centro Tecnolóxico da Automoción), estendendo a viaxe a Hangzhou e Pekín entre o 4 e o 11 de novembro. Así puido comprobar o desenvolvemento do sector en China e establecer contacto directo cos principais

-
- Oporto, 13&14.9.2018 por ampliación do programa Iacobus aos Centros Tecnolóxicos, mediante a sinatura da correspondente *addenda* entre o Vicepresidente da Xunta e o Presidente da CCDR-N, Fernando Freire de Sousa.



fabricantes de automóviles e cos centros de ensaio, para ao cabo presentar as capacidades da industria galega.

Esta segunda misión comercial a China, desde a que realizou o Presidente en xuño de 2017, foi unha excelente oportunidade para que as nosas empresas puideran seguir abríndose paso no mercado chinés, posicionando a *Marca Galicia* e o selo *Galicia Calidade* fóra das nosas fronteiras, ao tempo que axudará a consolidar a relación estratéxica que a multinacional chinesa *Bright Food* ten coas nosas empresas do ramo.

Con este obxectivo, o Conselleiro mantivo ademais unha reunión con autoridades de Xangai, co propósito engadido de afianzar lazos económicos e culturais en torno ao Camiño de Santiago. Tamén asinou un Memorando coa Cámara de Comercio local para a importación e exportación de maquinaria e produtos electrónicos, sendo Galicia a primeira Comunidade en asinar un convenio destas características con China.

O Conselleiro de Cultura e Turismo viaxou a París do 11 ao 14 de outubro, na compañía do Directora xeral do Patrimonio Cultural, onde mantivo unha reunión co Embaixador de España na UNESCO e visitou a Asociación *Compostelle 2000* (premio Elías Valiña 2018). Tamén inaugurou a exposición *Baldomero Pestana: La verdad entre las manos*, no Instituto Cervantes da capital francesa, neste caso xunto coa Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Posteriormente, do 1 ao 5 de decembro, viaxou a Xapón (Wakayama e Tokio), onde participou nos actos de celebración do



vixésimo aniversario do irmandamento entre o Camiño Xacobeo e o Camiño Kumano.

A Conselleira de Política Social viaxou entre o 6 e o 8 de decembro á Arxentina e ó Uruguai. Alí reuniuse co Embaixador de España na Arxentina, a quen trasladou a acción social da Xunta neste país. Ademais, a Conselleira e o Embaixador abordaron a situación actual da colectividade galega máis numerosa do mundo. Percorreu tamén o Centro Galego de Avellaneda, a máis antiga destas institucións na Arxentina, e o terceiro centro galego de toda América, onde se reuniu coa súa xunta directiva e analizou os retos desta entidade, dedicada á conservación e difusión da cultura galega. Asemade, ratificou o compromiso da Xunta de Galicia de garantir a atención residencial dos usuarios do *Hogar Gallego para ancianos de Domselaar*, en Bos Aires. Este centro conta con arredor de 120 residentes, dos cales en torno ao 40% son de orixe galega. A Administración autonómica e a entidade asinaron un convenio de colaboración cun orzamento de 10.000 euros, que servirá para proporcionar unha mellora no seu servizo. Con posterioridade, a Conselleira participou na celebración de fin de ano do *Centro Pontevedrés de Montevideo*, unha entidade sociocultural con 60 anos de historia. Á velada asistiron unhas 300 persoas, membros da colectividade galega neste país e os seus descendentes.

A Conselleira do Medio Rural asistiu o 16 de xullo á reunión do Consello de Ministros da UE na súa formación agrícola, en representación das Comunidades Autónomas, xunto co Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, onde defendeu os intereses dos



gandeiros e agricultores diante da reforma da PAC, cumprindo así o mandato recibido na Conferencia Sectorial de Agricultura. Galicia exerceu a representación das Comunidades durante o segundo semestre de 2018 que agora remata.

O Conselleiro do Medio Rural, José González, asistiu tamén ó Consello da UE en Luxemburgo (do 14 ó 16 de outubro), Bruxelas (do 18 ó 20 de novembro) e novamente a Bruxelas entre o 16 e o 18 de decembro, na compañía da Directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. Alí anunciou que Galicia creará un grupo de traballo multidisciplinar para definir e concretar as nosas achegas ao Plan estratéxico español da futura Política Agrícola Comunitaria (PAC). Este grupo de profesionais, tanto da propia Xunta como de fóra dela, encargárase de incorporar a esa planificación as especificidades e peculiaridades da nosa Comunidade, de forma que se defendan e garantan os dereitos dos nosos agricultores e gandeiros na futura PAC, alén do 2020.

O Conselleiro transmitiu ademais que a nosa Comunidade ten unha posición moi clara respecto da futura PAC, froito do consenso coas organizacións profesionais agrarias e coas cooperativas, subliñando que a Xunta está a defender esta posición nos diferentes foros nos que ten presenza, mais sempre aberta a novas achegas e suxestións.

Neste senso, o Conselleiro resumiu que Galicia defende unha PAC forte e común, que manteña o actual orzamento e que financie exclusivamente con fondos europeos o seu primeiro pilar (as axudas directas). Avoga tamén por medidas que recoñezan as



particularidades do noso territorio, por favorecer a incorporación de mozos á actividade agraria e por medidas para paliar as oscilacións dos prezos dos produtos agrarios, entre outros principios. Asemade, o titular de Medio Rural tamén trasladou que a nosa Comunidade aposta polo establecemento dun tope máximo de axuda por explotación de 60.000 euros, para deste xeito favorecer ás pequenas e medianas explotacións, e a existencia dunha discriminación positiva a prol das zonas de montaña e con limitacións naturais.

A Conselleira do Mar desprazouse a reunións do Consello da UE en Luxemburgo (14 a 16 de outubro), Bruxelas (18 a 20 de novembro) e novamente a Bruxelas (19 e 20 de decembro), aproveitando neste caso para asistir a un encontro co negociador europeo do Brexit, Michel Barnier, e incidir nos intereses galegos nas augas británicas. Asemade asistiu o 25 e 26 de outubro ao Salón Internacional da Innovación Alimentaria (SIAL) en París.



Comezando xa o reporte **das viaxes exteriores de Directores Xerais e asimilados do Goberno galego**, debo iniciar este capítulo cos desprazamentos do Secretario Xeral da Emigración, por asuntos sempre relacionados coas súas obrigas e responsabilidades a prol da nosa diáspora e dos seus descendentes.

O Secretario Xeral estivo entre o 6 e o 11 de setembro na Arxentina e no Uruguai. O 21 e 22 de setembro en Hamburgo e Cuxhaven (Alemaña). Entre o 28 de setembro e o 2 de outubro en Venezuela. Do 28 de outubro ao 2 novembro en Cuba. E do 12 ao 20 de novembro no Brasil e novamente na Arxentina e no Uruguai.

Pola súa banda, o Director do IGAPE e a Directora de GAIN estiveron en Laval (Francia) do 23 ó 24 de xullo, no *Centro Interactivo Dixital* que *EON Reality* posúe nesta localidade. Trátase dunha compañía posicionada no ámbito internacional en transferencia de coñecemento, baseado na realidade virtual e aumentada, aplicada á industria e á educación. Esta visita encádrase na aposta da Xunta pola dixitalización no marco da *Axenda Industria 4.0* e representa un punto de partida para avaliar novas formas de colaboración coa entidade -que conta con 24 centros ao redor do mundo- e posibles investimentos en Galicia.

A Directora de GAIN tamén estivo en Bruxelas do 21 ó 22 de novembro para participar na asemblea da *Vanguard Initiative*. Desde 2015 a Xunta participa, a través da Axencia Galega de Innovación, nesta rede de 30 rexións europeas, que ten por obxecto



promover a cooperación para impulsar un crecemento económico e social mediante a innovación empresarial e industrial en ámbitos económico-tecnolóxicos prioritarios para Europa. Ademais, informouse sobre as accións de lobby realizadas neste ano diante da Comisión Europea de cara ao próximo Marco Financeiro Plurianual e sobre os instrumentos de financiamento rexional para investimentos e actividades de innovación interrexional.

O Director xeral de Políticas Culturais viaxou a Denver (EE.UU.) do 17 ao 23 de outubro para asistir ao III Simposio “*Os Estudos Galegos rumbo ao Oeste. Lingua e cultura galegas na encrucillada*”, que alí se desenrolou. O Director da Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) viaxou a Lorient do 3 ao 5 de agosto, co gallo da preparación da edición do ano 2019 do Festival internacional de Lorient, no que Galicia será convidada de honra.

Pola súa banda, a Directora de Turismo de Galicia desprazouse a Foz do Iguazu (Brasil), do 11 ao 16 de setembro, onde asistiu ao “*13º Encontro Internacional sobre Auga e Saúde*” para reforzar o noso potencial como destino termal e mantivo xuntanzas con representantes institucionais, operadores e prensa especializada. Tamén estivo en Sofía (Bulgaria) o 15 e 16 de novembro, onde participou nunha Mesa Redonda coa ponencia “*A ruta xacobeá*” no segundo Congreso Internacional sobre Civilizacións e Rutas Históricas, organizado pola Organización Mundial de Turismo. Finalmente, viaxou a Venecia o 6 e 7 de decembro para participar na Conferencia da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), na sesión sobre patrimonio, turismo e desenvolvemento rural.



O Director Xeral de Desenvolvemento Rural viaxou a Tallin (Estonia) entre o 26 e o 29 de outubro para participar no décimo primeiro seminario LandNet ², organizado pola FAO e maila Universidade de Estonia no contexto desta rede de cooperación, LandNet, na que participan máis de 20 países e que centra as súas actividades en intercambiar experiencias e fomentar a colaboración entre os participantes en temas vinculados ás políticas e ferramentas de xestión de terras, como son a concentración parcelaria e os bancos de terras. No seminario tamén se renovou o comité de dirección da rede, sendo elixido o Director Xeral galego como parte dela.

A Directora Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica desprazouse a Hong-Kong do 2 ao 6 de setembro para participar no *Seafood Expo Asia 2018*. Tamén estivo en Bruxelas no *Seminar on Fisheries Science*, o 13 e 14 de setembro, e na *Expomar* de Cabo Verde 2018, entre o 10 e o 13 de outubro. No Salón Internacional da Innovación Alimentaria (SIAL) de París, do 24 ao 26 de outubro, e en Bruxelas, do 16 ó 19 de decembro, para asesorar sobre TACs e cotas, co gallo do Consello de Ministros sectorial da UE.

Pola súa banda, a Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro estivo en Bruxelas do 9 ó 11 de outubro para asistir ao Seminario

² (11 Seminario/Conferencia internacional da rede FARLAND) sobre “A concentración parcelaria como instrumento esencial para a implementación de grandes infraestruturas e aproveitamento sostible do territorio” - “Land Consolidation as an Essential Instrument for the implementation of Large-Scale Infrastructure and Sustainable Land Use”)



FARNET CdR Open days, organizado por FARNET (a Rede Europea de Zonas de Pesca da Comisión Europea).

Como remate deste relatorio, eu mesmo acompañei ó Vicepresidente da Xunta na súa viaxe a Perú, que xa relatei, por mor das responsabilidades da miña Dirección Xeral no eido da cooperación ao desenvolvemento. Igualmente, como é a miña obriga, asistín ás sesións en Bruxelas do CdR e ás das súas comisións e diferentes órganos celebradas fóra de sede.

+ Visitas de autoridades exteriores a Galicia

Con todo, estimo que tamén debo aproveitar esta circunstancia para dar conta das visitas de autoridades foráneas a Galicia, acreditando deste xeito a dobre faciana da nosa acción exterior e o seu encaixe na EGAEX.

A este respecto quero lembrar como inmediato precedente a este segundo semestre do ano en curso, a visita do Presidente da Ucraína, Petró Poroshenko, o 2 e 3 de xuño. A Ucraína está moi interesada en estudar o modelo español de descentralización político-administrativa, e singularmente o caso galego, como ben saben neste Parlamento, dado que unha delegación da súa Rada Suprema visitou esta casa hai pouco máis dun ano³.

A visita principal recibida neste semestre que nos ocupa foi a do Ministro principal do País de Gales, Carwyn Jones, o 27 de xullo, co que o Presidente da Xunta asinou un Memorando de Entendemento para selar a vontade de colaboración das dúas respectivas

³ (2.XI.2017).



comunidades en materia económica, educativa e cultural, sociosanitaria e pesqueira, diante das incertezas que presenta o proceso de separación do Reino Unido da Unión Europea.

Este encontro foi consecuencia da previa xuntanza que mantiveron os respectivos responsables galés e galego en Cardiff, co gallo da reunión da CRPM -rexións periféricas e marítimas de Europa-. Alí asinamos a *Declaración de Cardiff*, que marcou a posición das rexións da CRPM diante das negociacións do Brexit.

O Ministro principal de País de Gales visitou Televés e a primeira incubadora de proxectos de investigación farmacéutica, desenvolvida pola Fundación Kaertor, dos investigadores Ángel Carracedo e Mabel Loza, xunto coa farmacéutica Janssen. No ámbito social, lembramos galeses e galegos as similares características demográficas dos nosos países, o que ficou reflectido no Memorando, que prevé cooperar en materia sanitaria e en medidas que favorezan un envellecemento activo. Este Memorando tamén contempla o compromiso de intensificar os lazos educativos e culturais, fomentando os intercambios entre os profesionais dos nosos países. Nesta liña, Carwyn Jones lembrou que na universidade galesa de Bangor xa existe unha cátedra de lingua galega.

Polo que atinxe á pesca, lembramos que unha ruptura total das negociacións euro-británicas —o coñecido como *Brexit duro*— podería afectar a uns 110 buques con intereses galegos, 96 empresas e 1.700 tripulantes. Por iso reiteramos que a política pesqueira non debe ser unha moeda de cambio máis nas



negociacións do Brexit, senón que debe ter un apartado especial, dado o impacto económico e social que pode ter en Europa, e moi concretamente nas rexións atlánticas, como Gales e Galicia.

Tamén recibimos a visita de todos os embaixadores dos Estados da UE acreditados en España (18.X.2018), e á Directora Xeral da CPLP, Georgina Benrós de Mello, o 9 de novembro, co propósito de estreitar lazos coa Comunidade de Países de Lingua Portuguesa. Igualmente, recibimos a visita do Ministro de Turismo do Ecuador, D. Enrique Ponce de León Guzmán (10.XI.2018), moi interesado en coñecer a experiencia galega de promoción turística. Por último, en outubro (27.X.2018) recibimos unha delegación cubana que quería estudar o modelo galego de promoción empresarial da man do IGAPE, no seo dun programa de cooperación con intercambio de expertos, promovido pola UE.

Quixen incluír esta breve referencia ás visitas recibidas neste semestre, dada a visión de conxunto da nosa Acción Exterior que contempla a Estratexia Galega (EGAEX). A coherencia destas actuacións tendo en conta os nosos obxectivos e instrumentos é o principal valor engadido desta guía da que nos temos dotado como sociedade.

Moitas grazas //